



O reitor Alberto Gago, á esquerda, quixo estar presente o xoves na Gala dos Premios á Excelencia Deportiva

O xoves pasado celebrouse o acto de entrega dos galardóns ós alumnos que exemplifican o 'mens sana in corpore sano'

A UVIGO PREMIA OS ESTUDANTES DEPORTISTAS

S.M. SANTIAGO

Os Premios á Excelencia Deportiva da Universidade de Vigo foron recollidos o xoves pasado por Rebeca Mariño Torrado, alumna de Ciencias da Educación e do Deporte e, na versión masculina, por Gustavo Nieves Campello, alumno da ETSE de Minas. Con este galardón, a institución olímpica quería recoñecer publicamente aqueles alumnos, que destacan conxuntamente na súa traxectoria académica e deportiva. Así, a Comisión de Valoración resolveu mediante Resolución Rectoral, concederlle os premios á campioa absoluta de Es-

paña de Taekwondo 2009, na categoría galo, e ó atleta que ocupa o récord mundial de 10.000 metros, que logrou competir coa Federación Española de Deportes para Cegos. Dous premios merecidos, entre un elenco de nominados con moitos méritos, como Fernando Rascado Ríos, Diego Mahía Cernadas, Nazareth Tilve Costas e Nerea Alamanco Lamas.

A Gala do Deporte permitiu recoñecer ademais os 18 universitarios con medalla nos campionatos deportivos universitarios nacionais do 2009, os 6 equipos participantes nos campionatos interzonais e ás seccións federadas de xadrez,

tenis e rugby. Anfac e o Círculo Mercantil recibiron as súas mencións como colaboradores do Servizo de Deportes; Pasqui, adestrador do FC Barcelona de Balonmán, como titulado pola Uvigo, e Eduardo Domínguez, como membro da Universidade e preparador físico do Deportivo da Coruña.

Tres titulados pola Universidade de Vigo, os televisivos Alba Lago, David Amor e María Castro, foron os encargados de conducir a gala na tarde do xoves, que segundo a vicerreitora de Deportes olímpica, María del Carmen Cabeza, se converteu nunha "gran festa do deporte universitario".

GRANADA TERÁ A UNIVERSIADA DE INVERNO 2015

S.M. SANTIAGO

O sábado pasado, o comité executivo da Federación Internacional de Deporte Universitario (FISU) designou por unanimidade a Granada como sede e organizadora da XXVII Universiada de Inverno no 2015, en tanto que Gwanjun (Corea), foi elixida para organizar a Universiada de Verán dese mesmo ano, á cal aspirara a Universidade de Vigo.

A elección de Granada foi a culminación dunha xornada que se abriu coa presentación da proposta andaluza para a Universiada de Inverno de 2015, a pesar de ser candidata única. Así, durante máis de 50 minutos, os membros do executivo da FISU comprobaron o forte apoio institucional a través das intervencións do conselleiro andaluz de Innovación, Ciencia e Empresa, Martín Soles, o alcalde de Granada, José Torres Hurtado, o presiden-

te da Deputación, Antonio Martínez Caler, e o reitor do Universidade, Francisco González Lodeiro. O apoio de todas as federacións deportivas implicadas no evento deportivo manifestouse co aval de Marta Carranza, do Consello Superior de Deportes.

Así, a cidade de Granada será a sede das disciplinas de xeo (hóckey, patinaxe artística e de velocidade, e curling), en tanto que Sierra Nevada acollerá as probas de esquí alpino, artístico e snowboard, e no outro extremo da montaña, no Puerto de la Ragua, deséñase veranse as probas de fondo e biatón.

Boa sorte logo para Granada, malia que, en certo modo, a súa candidatura única frustrou as posibilidades de Vigo de acoller a Universiada de Verán, polo cal en marzo se retirou do proceso de selección, por coardar que a FISU non lle daría ó mesmo país e no mesmo ano as dúas Universiadas. e



A elección de Granada non foi unha sorpresa, pero si unha alegría

O MARATÓN FOTOGRÁFICO, EXPOSTO EN VETERINARIA

S.M. SANTIAGO

O vicerreitor de Coordinación do Campus de Lugo da USC, Carlos Herrero, inaugurou o martes pasado na Sala Isaac Díaz Pardo da Facultade de Veterinaria, a exposición cos traballos presentados á XV edición do Maratón Fotográfico do Campus de Lugo.

Son unhas 60 fotografías, tanto analóxicas como dixitais, que se poderán ver ata o 30 de xuño. As fotografías presentadas ó certame están divididas en dúas temáticas obriga-

das pola organización, *Automóvil e Decumenus maximus cardus maximus foro*, e outra libre.

Durante a inauguración fíxose público ademais o ditame do xurado que acordou concederlle o premio na categoría *Automóvil* a Noel Rodríguez Pérez, pola fotografía *Bóttale un ollo ao retrovisor*; na categoría *Decumenus maximus cardus maximus foro* a Alberto López Rodríguez, por *Decumenus maximus lucus foro praesentis*, e na categoría libre a José David Allo Rama, por *Finou a revolución*.

A LITERATURA INFANTIL E XUVENIL, DE NOVO NA USC

S.M. SANTIAGO

Un ano máis, e van seis, a Rede temática de Literatura Infantil e Xuvenil da USC e, nesta ocasión, xunto coa Asociación de Escritores en Lingua Galega (co apoio da Dirección Xeral de Política Lingüística), pon en marcha o curso de formación continua *As literaturas infantís e xuvenís ibéricas: a súa influencia na formación lectora*, que tratará principalmente sobre a poesía infantil no século XXI. Con este curso trátase de formar o alumnado nunha temática xeralmente excluída dos planos de estudo

das carreiras universitarias e dunha transcendencia fundamental en ámbitos básicos como a formación lectora e a expresión escrita no mundo das Tecnoloxías da Información e a Comunicación. Preténdese así mesmo analizar estas literaturas dende un enfoque comparativo para dar a coñecer que axentes literarios se presentan máis débiles en cada ámbito lingüístico. O prazo para matricularse no curso, que codirixen a profesora da USC Blanca Ana Roig e Pedro Lucas Domínguez, da Biblioteca Fundación Caixa Galicia pecha o 15 de xuño.

A UDC TERÁ UN 'INSTITUTO DA MADEIRA' NO ANO 2010

S.M. SANTIAGO

A Universidade da Coruña prevé inaugurar a principios do próximo ano o edificio que albergará a futura Unidade Mixta de Investigación sobre o uso da Madeira na Construción, segundo informou o xoves pasado na presentación do proxecto o vicerreitor de Infraestruturas e Xestión Medioambiental, Xosé Lois Martínez Suárez. A futura sede estará situada nunha construción xa existente de formigón no campus da Zapateira, próxima á escola superior de arquitectura, polo cal,

segundo explicou Covadonga Carrasco, unha das arquitectas responsables do proxecto, "será como colocar un edificio dentro doutro". Indicou tamén que o deseño será rectangular e lineal e a estrutura de madeira e que o edificio albergará aulas, zonas de reunión e de exposición. Cinco empresas presentaron ofertas para a construción desta unidade mixta de investigación que disporá de 300 metros cadrados e terá un custo duns 300.000 euros. O proxecto é resultado dun convenio suscrito coa anterior Consellería de Innovación e Industria. e